

15 de xullo: Folga en Atento contra o ERE



Como resultado das Asembleas de traballadoras e traballadoras realizadas o pasado día 4 de Xullo en todos os centros de traballo a nivel estatal, a **CGT** convoca **Folga de 24 horas** para o vindeiro día **15 de xullo**, en coincidencia coa cuarta reunión da Comisión negociadora.

Dende a **CGT** entendemos que non é momento de medias tintas, é moito o que nos xogamos e, entre todos e todas, debemos loitar para frear este ERE inxusto e inxustificado.

Tras a campaña de mobilizacións que levamos a cabo dende principios de ano, e que culminou coa folga de 24 horas do pasado 23 de xuño, os traballadores e traballadoras teñen transmitido, a través das asembleas convocadas, que non hai que afrouxar o paso na loita. Se a situación era mala o día 23 de xuño, a día de hoxe é crítica.

Agardamos que todos os sindicatos con representación en Atento esteamos unidos pola defensa dos 823 postos de traballo que Atento quere destruír.

Ademais, os vindeiros **martes 8 de xullo** e **xoves 10 de xullo** haberá **concentracións** diante da empresa **ás 11 e ás 18 horas**.

Agora, máis que nunca... Non ao ERE en Atento, nin un paso atrás.

Sección Sindical da CGT en Atento na Coruña